

## CÓMICS, MÚSICA, Enrédate

**Bone**, J. Smith, nº9: *La corona de cuernos*. Última entrega da serie na que o protagonista defende a cidade de Atheia para evitar o regreso do Señor das Langostas. Emocionante.




**Os amigos de Archimboldo Roque**, J. Fernández Serrano  
Archimboldo Roque é un rinoceronte unicornio branco, un ser único e irrepitible que convida os lectores a coñecer a súa ampla e variada 'fauna' de amigos: as anécdotas dos ratos xemelgos, as ocorrencias da nena escritora,...



**No nome da amada morta**. Fausto Méndez & Malvar. Un misterio a resolver. Simón terá que esforzarse para unir os fíos.

**Pedro y el lobo**. Conto popular de Sergei Prokofiev ilustrado por Miguel Anxo Prado. "Oxalá a miña versión deste conto sirva para deixar prendido en algún rincón da memoria dos máis pequenos un fermoso recordo, e para axudar os maiores a recuperar aquela sensación prodixiosa dos medos míticos".



**Golfinho e os invasores**. Fausto. Xa están aquí! A humanidade aínda non o sabe, pero a invasión está en marcha! O que empeza como unha tranquila tarde no parque, convértese para Golfinho e os seus amigos nunha trepidante aventura na que deberan enfrontarse a unha raza alienígena.



**Os dados do reloxeiro: ciencia amena para mentes inquietas**, Xurxo Mariño Alonso. Terás ocasión de ver moitas cuestións propias da vida común, tratadas dende unha perspectiva científica.  
<http://consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dados.pdf/>

 **Clásicos Divertidos**, Selección de obras de música clásica.



Guía de lecturas Nadal 2011  
1º Ciclo ESO



2011 Centenario do nacemento de  
Álvaro Cunqueiro



### A TODO ESTO

Qué fue de los deberes humanos  
Ofrezco la palabra  
Mucho se habla de derechos humanos

Poco

Nada casi de los deberes humanos:  
Primer deber humano  
Respetar los Derechos Humanos

Nicanor Parra

Gañador do Premio Cervantes 2011

## BO NADAL E VENTUROSO ANO NOVO

Non marches de vacacións sen pasar pola Esperela, échete de agasallos lectores. Podes leva ata tres documentos.

[www.biblioaesperela.blogspot.com](http://www.biblioaesperela.blogspot.com)

[aesperela@gmail.com](mailto:aesperela@gmail.com)



IES O Mosteirón (Sada)



**Todo lo que necesitas saber sobre el mundo.** S. Eliot.

Cando revisas o teu mundo, que atopas?. Nesta obra refírense os descubrimentos do autor. Ameno, divertido. Impactante.

**Los grandes exploradores de la historia.** A. Claybourne. Este libro narra as historias apaixonantes de moitos exploradores intrépidos que desafiaron o frío polar, a calor abafante do deserto, navegaron por ríos afastados de crocodilos,...Vive con eles aventuras inesquecibles.



**Relatos de POE.** D. Despeyroux. Unha adaptación de varios

relatos de POE en versión Novela Gráfica. Desacougo, intriga, un pouco de medo para as tranquilas tardes de vacacións.

**Unha historia familiar,** Christine Nöstlinger


Gretchen é unha rapaza de catorce anos. A súa vida cambia cando súa nai decide poñerse a traballar e estudar para mellorar, cousa que seu home non ve ben. Isto coincide coa adolescencia de Gretchen...



**Os outros feirantes,** A. Cunqueiro. Nesta obra atoparas á

voadora de Serantes, que andaba polo aire sentada nunha banquetta; a Hermelina Cartelle Portas, provedora de lugares dos reis de Portugal; e moitos outros personaxes atrapados na maxia do autor.

**Bala perdida,** M. Rivas. O último pirata do Atlántico Norte, un capitán escrupuloso que anda acompañado dun corvo e dun grupo de bravos mariñeiros. Abordaxes misteriosas na Costa da Morte e unha xornalista que só dá noticias bonitas.



**Bacoriño,** A. Reigosa. Bacoriño non é un porco normal: fala, discorre e cavila como calquera persoa. Un conto de humor no que se prepara unha matanza para o Santo Antón Laconeiro.



**As flores radiactivas.** A. Fernández Paz. Un estraño fenómeno aparece na fosa atlántica, zona que ata hai pouco tempo utilizaron unha serie de países europeos para verquer os residuos radiactivos procedentes da súas centrais nucleares. Quen lle ía dicir a Alba que ía ser a protagonista dunha aventura que había acabar tendo repercusión mundial?.

**El brazalete mágico,** Rocío Rueda. Un brazal misterioso conecta a Lara cun dos segredos mellor gardados da humanidade, o da poderosa espada coa que loitou Alejandro Magno, e con Elisa, unha das sacerdotisas da antiga Grecia.



**Cuentos policíacos,** VVAA

Este libro recolle algúns dos mellores relatos da tradición detectivesca anglosaxona. Os seus autores (Edgar Allan Poe, Arthur Conan Doyle, Robert L. Stevenson,...) son un referente para calquera aficionado á narrativa policíaca.

**Cuentos de fantasmas,** AAVV. As pantasma son máis ben tímidas e pouco comunicativas. Esta é unha antoloxía ilustrada dos mellores contos de pantasma de autores consagrados: Daniel Defoe, Charles Dickens, Guy de Maupassant...



**Iqbal Masih, lágrimas, sorpresas y coraje...** Miguel Griot

En 1995, Iqbal Masih, converteuse en mártir pola loita contra a escravitude infantil ao ser asasinado en Lahore. Iqbal denunciou a súa situación ante a opinión pública para concienciar ao mundo dunha inxustiza que afecta a millóns de menores no mundo.